



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Curso 2025/2026

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

5. ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

6. ACTUACIÓNS, MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.1 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS

- **Reforzo Educativo, adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación**
- **Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria nos módulos de FPB de Ciencias Aplicadas e Comunicación e Sociedade**
- **Programa de Habilidades Sociais**

6.2 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS

- **Atención educativa a mozas embarazadas**
- **Exención da avaliación de Lingua e Literatura Galega**

6.3 GALEGO E CASTELÁN PARA PERSOAS INMIGRANTES

7. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.

8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS

10. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO, E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

11. PROTOCOLOS (Ver ANEXOS)

- a) **PARA A COMUNICACIÓN E/OU AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

b) PROTOCOLO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO E
ORIENTACIÓN

c) CONTRATO-CONDUTA

12. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no noso centro e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo. Dita resposta adaptarase á realidade e singularidade do centro.

Entendemos por diversidade as diferencias que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas ás que poden atribuírse: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración e estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais, etc.

Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, de tal forma que en función desas necesidades, ofrecer ó alumnado a axuda pedagóxica que necesite.

Para atender á diversidade, non é só atender as diferenzas individuais do alumnado, senón tamén poñer en xogo todos os elementos organizativos (materiais, espaciais, agrupamentos, horarios, infraestrutura, coordinación docente, estratexias, etc.) para cubrir as necesidades educativas que presenten.

A resposta educativa ofrecida é responsabilidade de todo o profesorado e demais sectores da comunidade educativa

2. FUNDAMENTACIÓN LEGAL E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1. MARCO NORMATIVO

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

- Normativa específica de Educación para persoas adultas
 - o Decreto 88/199, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación para persoas adultas
 - o Orde do 20 de marzo de 2018, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo

- Orde do 26 de abril de 2007 pola que se ordenan e organizan as ensinanzas de bacharelato para adultos a distancia
- Resolución do 18 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2022-2023.
- Normativa específica de Formación Profesional
 - Real Decreto 1147/2011, do 29 de xullo, pola que se establece a ordenación xeral da Formación Profesional
 - Decreto 114/2010, do 1 de xullo, de ordenación xeral da FP en Galicia
 - Orde do 12 de xullo de 2011, polo que se regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación do alumnado de FP
 - Orde do 15 de xuño de 2016 polo que se regula o procedemento de admisión de Formación Profesional
 - Real Decreto 127/2014 pola que se regula a FP Básica
 - Decreto 107/2014, pola que se regula a FP Básica en Galicia
 - Orde do 13 de xullo de 2015 regula as ensinanzas,. Acceso e admisión da FP Básica en Galicia
 - Decreto 126/2023, do 20 de xullo, polo que se establece o currículo do ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais e do ámbito de Ciencias Aplicadas dos ciclos formativos de grao básico de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
 - Resolución de 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, por la que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/2026

Ademais do marco normativo, o PXAD seguirá as recomendacións de obrigatorio cumprimento recollidos nos protocolos de atención á diversidade publicados pola Consellería:

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo de consenso sobre TDAH
- Protocolo de tratamento educativo a alumnado con síndrome de DOWN e/ou discapacidade intelectual

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades de aprendizaxe
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida
- Protocolo de protección de datos
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica. Addenda da diabetes.

2.2. O centro

O I.E.S. Lois Peña Novo está situado en Vilalba, capital da Comarca da Terra Cha no centro da provincia de Lugo. Nun radio de 500 metros atópanse un centro de educación infantil, dous centros de primaria, que contan con dous pavillóns deportivos, un instituto de secundaria e a biblioteca municipal.

Vilalba é unha comarca eminentemente rural. A poboación de Vilalba ascende a un total de 14.226 (2020) habitantes, dos cales aproximadamente un 40%-50% reside no casco Urbano.

O centro crease a finais dos anos 70 como centro de formación profesional e así segue deica a chegada da LOXSE. A finais dos anos 90 prodúcese unha importante modificación na estrutura das súas ensinanzas. A súa oferta ampliase cos Bacharelatos de Tecnoloxía e de Humanidades e CC. Sociais, á parte as ensinanzas de formación profesional cun novo Ciclo de grao superior da familia de Informática. Por outro lado a oferta formativa do centro completase coa Educación Secundaria de Adultos (Nivel ESA), oferta ampliada novamente no curso 2005-2006 co bacharelato de Ciencias Sociais no réxime de adultos e no 2008-2009 iniciando un Programa de Cualificación Profesional. No curso 2010-2011 o bacharelato de adultos sofre outra importante modificación ao pasar a ser semipresencial. No curso 2014-2015 comezase a impartir a Formación Profesional Básica e no 2017-2018 hai unha importante reestruturación de ensinanzas xa que se imparte un novo Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de dependencia.

A procedencia do alumnado é maioritariamente rural e abarca a toda a comarca da Terra Chá.

O IES Basanta Silva, sito a 100 metros do noso centro, concentra a matrícula da maior parte do alumnado de secundaria da comarca. Se ben é certo que o noso alumnado ten como centro de procedencia ademais o CPI Virxe do Monte (Cospeito), IES José Trapero (Castro de Rei), IES San Rosendo (Mondoñedo), IES Poeta Díaz Castro (Guitiriz), IES de Curtis e IES Río Miño (Rábade).

2.3. Alumnado

A variedade de estudos no centro, ciclos formativos de grao básico, medio e superior ademais de educación de adultos, así como a dun alumnado con diferentes necesidades e demandas, fai necesario que os procesos de coordinación de todo o profesorado, es as capacidades de adaptación e flexibilidade sexan prioritarios na planificación do traballo do centro.

O número de alumnos/as en ensinanzas regradas neste curso **368 matriculados e matriculadas** distribuídos nas ensinanzas de Formación Profesional e Ensinanzas de persoas adultas. Cabe destacar que no presente curso o IES Lois Peña Novo conta co programa CUALE e con 3 grupos de Castelán e galego para persoas inmigrantes:

Ensinanzas de FP, Réxime Ordinario

- **36 alumnos/as na FP BÁSICA, dos cales:**
 - 9 alumnos/as en 1º FP Básica de Informática de Oficina.
 - 6 alumnos/as en 2º FP Básica de Informática de Oficina.
 - 13 alumnos/as en 1º FP B Mantemento de Vehículos
 - 8 alumnos/as en 2º FP B Mantemento de Vehículos
- **107 alumnos na Formación Profesional nos ciclos formativos de grao medio (CM), dos cales:**
 - 29 alumnos no CM de Electromecánica de Vehículos:
 - 1º CM EVE 17
 - 2º CM EVE 12
 - 30 alumnos no CM de Instalacións Eléctricas e Automáticas:
 - 1º CM IEA 17
 - 2º CM IEA 10
 - 3 CM réxime modular
 - 27 CM Sistemas microinformáticos e redes
 - 1º, 15 alumnos/as
 - 2º, 12 alumnos/as
 - 21 alumnos/as no CM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia:
 - 1º CM APSD 12
 - 2º CM APSD 8
 - 1 réxime modular

- **76 alumnos na Formación Profesional nos ciclos formativos de grao superior (CS).**
 - 25 alumnos/as no CS Mecatrónica Industrial
 - 1º, 12 alumnos
 - 2º, 13 alumnos/as
 - 30 alumnos/as no CS de Administración e Finanzas:
 - o 1º CS AF 17
 - o 2º CS AF 11
 - o 2 réxime modular
 - 21 alumnos/as no CS de Administración de Sistemas Informáticos en rede:
 - 1º CS ASIR 14
 - 2º CS ASIR 6
 - 1 réxime modular

Ensinanzas de persoas adultas. ESA e Bacharelato

- 47 alumnos/as en Réxime de adultos, dos cales:
 - 16 alumnos/as na Educación secundaria- Módulo III
 - 31 alumnos/as no bacharelato semipresencial

Ensinanzas non regradas. Castelán para persoas inmigrantes

- 31 alumnos e alumnas distribuídos en 3 grupos:
 - o Grupo da mañá: 11 alumnos/as
 - o Grupo da tarde I : 10 alumnos/as
 - o Grupo tarde II: 10 alumnos/as

CUALE, B1 Inglés

As ensinanzas preparatorias do nivel B1 e B2 de Inglés contan cunha matrícula de 71 persoas distribúense en 3 grupos

- B1, 37 alumnos/as
- B2, 34 alumnos/as

2.4. Profesorado

O claustro está formado por 42 profesores/as.

2.5. Familias

O nivel económico das familias de carácter medio-baixo ao igual que o nivel sociocultural das mesmas nas que é maioritaria contan cunha formación académica básica.

A implicación das familias poderíamos cualificala de baixa, aínda que nos últimos anos debido ao empeño do equipo directivo e do departamento de orientación, esta ten aumentado, aínda que de momento só para colaboracións puntuais e asistencia a reunións máis ou menos esporádicas.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A necesidade principal é a de dar resposta ás necesidades do alumnado que temos no centro: alumnado con diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, diferentes motivacións e intereses, diferentes situacións sociais e culturais, e alumnado con necesidade específica de apoio educativo, con dificultades de aprendizaxe, e con condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorecidas.

4. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

- Previr as dificultades de aprendizaxe.
- Detección de necesidades educativas, tanto do alumnado de novo ingreso como do alumnado do centro
- Dar resposta as necesidades detectadas en cada alumno/a en función das posibilidades organizativas e a existencia de recursos.
- Evitar no posible o abandono escolar temperá.
- Colaborar co equipo docente e o equipo directivo na elaboración de propostas e posta en marcha de medidas relativas á atención a diversidade recollidas na normativa.

5. ALUMNADO CON NEAE NO CURSO 24/25

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria,

por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

No IES Lois Peña Novo no curso 2025/2026 contamos co seguinte alumnado NEAE:

1º FPB MV

- 5 Incorporación tardía
- 2 Descoñecemento grave do idioma
- 6 Condicións de vulnerabilidade
- 3 Exención da avaliación da lingua e literatura galega

2º FPB MV

- 1 TDAH
- 2 Incorporación tardía

1º FPB IO

- 1 Trastorno de conduta
- 3 Condicións de vulnerabilidade
- 1 Incorporación tardía
- 1 Exención da avaliación da lingua e literatura galega

2º FPB IO

- 1 Incorporación tardía
- 1 Condicións de vulnerabilidade
- 1 Exención da avaliación da lingua e literatura galega

1º CM SMR:

- 1 TDAH
- 2 incorporación tardía

2º SMR

- 3 TDAH
- 1 Trastorno de aprendizaxe en cálculo
- 1 Trastorno de aprendizaxe lectura
- 1 Condicións persoas de vulnerabilidade

1º CM IEA

- 1 TDAH
- 2 Incorporación tardía

2º CM IEA

- 2 TDAH
- 3 Incorporación tardía

1º CM APSD

- 3 TDAH
- 1 Condicións de vulnerabilidade
- 1 Incorporación tardía

2º CM APSD

- 2 Incorporación tardía

1º CM EVA

- 1 Alerta escolar- Crises comiciais
- 1 Desfase curricular
- 2 TDAH
- 2 Trastorno de aprendizaxe lectura, escritura e cálculo

2º CM EVA

- 1 Incorporación tardía
- 1 TDAH
- 1 Condicións persoais de vulnerabilidade

1º CS AF

- 5 Incorporación tardía
- 1 Discapacidade na área motora
- 1 descoñecemento grave do idioma

2º CS AF

- 1 Incorporación tardía

1º CS ASIR

- 2 Discapacidade área motora
- 2 Incorporación tardía

ESPA, Módulo III

- 7 Exención da avaliación da lingua e literatura galega
- 9 Incorporación tardía

Bacharelato

- 2 Exención da avaliación da lingua e literatura galega

De conformidade co artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais (NEE) o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a

súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu

6. ACTUACIÓNS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que vai desde a prevención á intervención directa. Non van unidas de forma permanente a alumnos concretos, xa que calquera alumno pode requirir ao longo da súa escolaridade diferentes tipos de medidas. Priorizarase as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

Dentro das MAD que a normativa recolle e sempre que a organización do centro e dispoñibilidade horaria do profesorado o permita aplicaremos as seguintes:

6.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS

1. Reforzo educativo

O reforzo educativo (RE) é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo:

- Secuencia de contidos
- Formas e instrumentos de avaliación
- Organización da aula
- Agrupamento do alumnado
- Todo aquilo incluído no ámbito da metodoloxía (principios, tarefas...)

Aplicar medidas de RE supón unha individualización da intervención educativa do profesor/a que favorecerá o proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, especialmente para aqueles/as que con esta medida poden seguir o proceso ordinario de ensinanza e aprendizaxe

a) RE aplicado polo profesorado de cada unha das materias

Cada profesor/a aplica reforzo educativo ao alumnado que considera necesario nun ou varios dos seguintes aspectos:

Cambio na secuenciación dos contidos

Cambio nas formas ou instrumentos de avaliación

Cambio na organización da aula e agrupamento dos alumnos

Cambio nos métodos de ensino

Cambio nas tarefas

Outras medidas

Esta información debe quedar recollida no Libro de cada profesor/a

b) RE aplicado polo profesorado de cada unha das materias apoiados dentro da aula por profesorado con dispoñibilidade horaria

Os reforzos educativos deste tipo realízanse a partir das sesións de pre-avaliación nas que o profesorado das distintas materias expoñen as dificultades atopadas. A partir dese momento valóranse as distintas posibilidades tendo en conta as seguintes variables:

- Nivel das dificultades observadas en cada grupo-clase
- Materia que se reforzará
- Posibilidades de coordinación entre o profesorado de aula e o profesorado de apoio

2. Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria nos módulos de FPB de Ciencias Aplicadas e Comunicación e Sociedade

O apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria a un grupo-clase é unha medida de atención á diversidade de carácter ordinario dirixida a reforzar as necesidades percibidas no alumnado dese grupo en conxunto. Por tanto, non estamos a falar dunha atención individualizada a un alumno ou alumna cunhas necesidades concretas, trátase de prestar apoio ao profesorado do módulo no proceso de ensino e ao alumnado no proceso de aprendizaxe.

A pesares de que ambas medidas de atención á diversidade están recollidas no artigo 48 da Orde do 8 de setembro de 2021, atenden a fundamentos e aplicacións diferentes:

- O reforzo educativo (RE) é unha medida dirixida a alumnado concreto que será elaborada e desenvolta polo profesorado do módulo. O RE afecta á secuencia de contidos, ás formas e ós instrumentos de avaliación, á organización da aula, ó agrupamento do alumnado e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- O apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria diríxese ao conxunto do grupo, sendo coordinado polo profesorado do módulo, respondendo á programación establecida.

3. Programa de habilidades e competencias sociais

De conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

Estes programas formarán parte do Plan xeral de atención á diversidade, e o seu seguimento e a súa avaliación realizaraos o departamento de orientación, xunto co devandito plan.

6.2 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS

Atención educativa a mozas embarazadas

Esta medida enmárcase nas medidas de promoción da escolarización e da formación que se establecen no Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Esta atención está destinada a facilitar o proceso educativo das menores durante o seu embarazo e nos dous anos posteriores ao parto. As ausencias ao centro docente por motivo de actividades de preparación do parto, así como as derivadas deste, da atención e da asistencia médica da filla ou do fillo, terán a consideración de faltas xustificadas

Exención da avaliación de Lingua e Literatura Galega

O alumnado procedente doutras comunidades ou dun país estranxeiro que se incorpore ao Sistema Educativo galego, poderá obter unha exención temporal da

calificación das probas de avaliación da materia de lingua galega segundo se recolle na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no

6.3 GALEGO E CASTELÁN PARA PERSOAS INMIGRANTES

O IES Lois Peña Novo inclúe na oferta educativa varios tipos de Ensinanzas Non Regradas (ENR) como "Galego e castelán para persoas inmigrantes". O acceso a esta modalidade de ensinanza ten carácter prioritario para o alumnado do noso centro con descoñecemento de ambas linguas cooficiais. Non son ensinanzas obrigatorias pero si recomendables para alumnado de incorporación tardía de países estranxeiros ou doutras comunidades autónomas.

Os grupos de castelán e galego organízanse en horario compatible coas ensinanzas regadas.

CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS.

A priorización de alumnado a atender, e o tempo de atención a este, sempre que non se podan satisfacer todas as necesidades, rexeráse polos seguintes criterios:

1. Priorizarase as intervencións de casos de maior gravidade, é dicir, aquel alumnado que manifieste un desfase curricular significativo.
2. De quedar horas dispoñibles, apoio dentro/fora da aula cando o profesor titor/a ou profesor/a da materia o solicite logo das sesións de pre-avaliación.

7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS.

Equipo directivo

- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno.
- Facilitar e habilitar recursos persoais e materiais dispoñibles para a atención individualizada do alumnado que o precise.
- Coordinar o profesorado a través da xefatura de estudos.

Titores/as

- Participar na selección do alumnado que será obxecto de medidas de atención á diversidade.

- Coordinación e seguimento das medidas educativas propostas, coa colaboración do DO
- Realización de informes individualizados naqueles casos que sexan precisos.
- Información e colaboración coas familias.
- Información pertinente ao equipo docente.

Xefa Departamento de Orientación

- Recollida de información aportada polos xefes de departamento de orientación dos centros de procedencia do alumnado matriculado na formación profesional básica.
- Colaborar na avaliación inicial do alumnado.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno.
- Seguimento do alumnado que recibe apoio.
- Colaboración cos titores nas reunións coas familias.
- Desenvolvemento da avaliación psicopedagóxica
- Difusión dos Protocolos publicados pola Concellería de atención á diversidade.

Profesorado

- Colaborar co DO na avaliación psicopedagóxica no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.
- seguimento e avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado, así como a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS.

Coordinación interna

Unha vez coñecida e analizada a carga horaria do profesorado do centro, o equipo directivo (X.E.) realizará a organización dos horarios dos profesores titores, orientación e profesorado especialista, así como dos equipos educativos para poder abordar as planificacións e seguimento das medidas de atención á diversidade que se vaian aplicar no centro durante o curso, especialmente a través de:

- Reunións de departamentos.
- Reunión do Departamento de Orientación (DO) para planificar as medidas
- Reunións de avaliación inicial
- Reunións de seguimento trimestral

- Reunións de coordinación Equipo docente -DO-Titores-PT
- Reunións profesorado da materia-XE-DO-PT para a aplicación de apoios.
- Publicación (para o equipo educativo) de horario do alumnado con atención fóra da aula.

Cos centros de procedencia do alumnado de F.P.Básica:

A xefa do Dpto. Orientación e a mestra de PT reuniranse coa orientadora do IES Santiago Basanta Silva e establecerán contacto coas xefaturas dos DO dos centros de procedencia do alumnado, co obxecto de recoller información relevante do alumnado que se vai incorporar ao noso centro no curso seguinte.

9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO, E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Coas familias:

As canles ordinarias de colaboración do centro coas familias son as seguintes: horas de titoría, horas de atención a familias por parte de todo o profesorado, horas de atención do Dpto. Orientación, horas de atención do equipo directivo, reunión xeral centro-familias.

Haberá unhas canles específicas que se producirán cando se teña que comunicar a proposta dalgunha medida de atención á diversidade, cando se solicite autorización para algunha medida específica, etc.

As familias recibirán de forma individualizada a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberían adoptar para a súa atención.

Cos servizos externos:

Potenciarase o intercambio de comunicación con algún servizo externo ao centro de xeito que redunden en beneficio para o alumnado. Algúns organismos cos que se manterá contacto son: Servizos Sociais do concello de Vilalba, Servizo de Saúde, Equipo de Orientación Específico, algunha outra asociación ou organismo.

10. PROTOCOLOS

- a) PROTOCOLO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
- b) PROTOCOLO PARA A COMUNICACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación na súa memoria anual informará sobre as súas actuacións e das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar, propoñeranse, de ser o caso, as modificacións ao Plan Xeral de Atención á diversidade. Ditas modificacións non deberían afectar aos aspectos esenciais do mesmo, senón introducir as medidas correctoras oportunas.

Corresponde á CCP o seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, sen embargo neste tema previsiblemente teranse moi en conta as aportacións do Departamento de Orientación.

A avaliación efectuarase a dous niveis:

- Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado afectado polo plan.
- Avaliación do plan propiamente dito.

O obxectivo desta avaliación será o de analizar ao final de cada curso, a adecuación de este á realidade do Centro, e deseñar as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións de departamento.
- Posta en común na CCP.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria de Final de Curso, que, á súa vez, servirá de base para a Programación Xeral Anual do curso seguinte.

Se as condicións do Centro se viran alteradas por calquera motivo durante o período escolar, procederáse a realizar as modificacións oportunas.

ANEXOS

INFORMACIÓN SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, no seu artigo 3 recolle "enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado". Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Art. 8.2 Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

(...)

- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- l) Programas de habilidades sociais.

Art 9.3: "Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada etapa ou ensinanza e da limitación dalgunha a ensinanzas ou etapas específicas, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras:

(...)

- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no seu artigo 71 define o alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo como aquel que require "dunha atención educativa diferente da ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou da aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrarse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar..."

Autoriza a que no presente curso 2022/2023, o seu fillo reciba o apoio da especialista en Pedagogía Terapéutica ao fin de axustar a resposta educativa ás necesidades de aprendizaxe por presentar descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.

Don/a pai/nai, titor/a do alumno/amatriculado en de do IES Lois Peña Novo, **Autoriza a que no presente curso 2022/2023, o seu fillo/a reciba o apoio da especialista en Pedagogía Terapéutica ao fin de axustar a resposta educativa ás necesidades de aprendizaxe por presentar**

Estou de acordo coa medida de atención á diversidade

Non estou de acordo coa medida de atención á diversidade

Recibín esta notificación en Vilalba, a de de 2022
Asdo.:

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

SOLICITANTE

MOTIVO

ANTECEDENTES

MEDIDAS EDUCATIVAS APLICADAS POLO EQUIPO DOCENTE

INTENCIÓN DA SOLICITUDE

- DESENVOLVEMENTO DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
- APLICACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- OUTRAS

CONTRATO DE CONDUCTA

Eu, _____, alumno de _____,

comprométome a realizar as seguintes condutas que abaixo se citan para intentar mellorar o meu comportamento e relación co equipo docente e cos compañeiros de aula.

1. Respetar ao profesorado
2. Levar e sacar o material na aula
3. Cumprir as directrices do profesorado respecto ao uso de produtos tóxicos
4. Comportarme na aula:
 - a. Non faltar ao respecto ao profesorado nin compañeiros
 - b. Non interromper con risas ou mofas mentres o profesorado imparte a clase
 - c. Sentarme correctamente
 - d. Evitar facer ruídos molestos
5. Respetar aos meus compañeiros e compañeiras
6.

Ante o incumprimento do contrata-conduta aplicaranse as medidas correctoras establecidas no NOFeC do IES Lois Peña Novo.

En Vilalba a de de 202.....

A Orientadora

O Alumno/a

O/ Titor/a

O/A Xefe/a de Estudos